





## Que é unha empresa ?

Unha **empresa** produce bens e servizos para vender no mercado a partir da utilización de materias primas, persoal e maquinaria. Unha empresa pode ter varios establecementos ou locais comerciais repartidos pola xeografía dun país ou rexión, e mesmo no estranxeiro. Incluso pode darse o caso de que a empresa ou unha sección dela opere sen ter un establecemento fixo, como por exemplo os axentes comerciais que van de casa en casa vendendo os seus produtos. Para agrupar a todos os establecementos ou seccións da empresa sen establecemento que operan no contorno dunha mesma localización emprégase o termo **unidade local**.



## A clasificación das empresas

As empresas pódense clasificar segundo diferentes criterios: polo tamaño e facturación, pola actividade e pola condición xurídica, pola natureza do propietario ou polo ámbito de actuación.



## Conceptos que hai que coñecer cando se fala de empresas

No mundo empresarial utilízanse unha serie de conceptos que che será útil coñecer:

- ✓ **Capital social:** son os cartos que aportan os socios para constituír a empresa. Este divídese en accións ou participacións que se reparten entre os socios, e acreditan a súa participación na sociedade.
- ✓ **Activo:** son os bens e dereitos da empresa, como as construcións, a maquinaria, as mercadorías, as débedas dos clientes, etc.
- ✓ **Pasivo:** son as obrigas e as fontes de financiamento da empresa, coma os préstamos concedidos polos bancos, os pagos pendentes aos provedores, etc.
- ✓ **Cifra de negocios:** é o volume total das vendas da empresa en termos monetarios.
- ✓ **Resultado:** é a diferenza entre os ingresos e os gastos do exercicio e pode ser negativo (en cuxo caso a empresa rexistrou perdas) ou positivo (obtivo beneficios).

## Máis información ...

Podes atopar información máis detallada sobre as estatísticas do mundo empresarial na correspondente unidade didáctica do Portal Educativo:

<http://www.ige.eu/estatico/educacion/Economia/Empresas/Teoria.htm>

